

EXCURSIÓN DOS MAIORES 2018

En 2017 cumpríronse 30 anos das viaxes para persoas maiores organizadas polo Concello de Brión. Nestes 30 anos logrónse con creces os obxectivos destas viaxes:

- Promover a convivencia entre veciños e veciñas de todo o Concello
- Ofrecer ás persoas maiores a posibilidade de viaxar, cando ninguén se ocupaba aínda de cubrir esta necesidade
- Vivir xuntos as nosas propias historias e gardar para sempre moitas e memorables experiencias e anécdotas

Consideramos que o Concello xa cumpreu amplamente con esta misión. Agora as persoas maiores poden continuar viaxando por España con mellores medios, ofertados polo IMSERSO e as diferentes axencias privadas.

Pois ben, superada con orgullo esta fase, o Concello vai a propoñer aos veciños e veciñas de Brión un novo reto, organizando viaxes culturais para grupos fóra do país. Comezaremos por **Roma**, a Cidade Eterna, que todo bo viaxeiro debe coñecer.

Calculamos que a actividade se desenvolverá no próximo mes de **outubro**, e esperamos que en breve se publique a oferta das prazas.

Agardamos sinceramente que esta nova iniciativa sexa do voso agrado, e de ser así, que os veciños e veciñas de Brión sigan marcando o camiño dos máis audaces.

Un saúdo e ata pronto!